

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

ANUNCIO do 24 de novembro de 2020, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, polo que se fai público o informe de impacto ambiental do proxecto de construción dunhas instalacións gandeiras para vacún de leite, no lugar de Señoráns, parroquia de Salto, no concello de Vimianzo (expediente 2020/0192).

De conformidade co artigo 47 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11 de decembro), faise público o informe de impacto ambiental do 23 de novembro de 2020 do proxecto de construción dunhas instalacións gandeiras para vacún de leite, no lugar de Señoráns, parroquia de Salto, no concello de Vimianzo (A Coruña) promovido por Ganadería Os Loureiros, S.L.

Este informe poderase consultar na seguinte ligazón:

<https://cmatv.xunta.gal/resoluciones-da-avaliacion-ambiental-de-proxectos> e nas dependencias da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, sitas en Santiago de Compostela (San Lázaro, s/n, planta baixa).

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2020

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

CVE-DOG: ki7m3io9-o663-dyq6-wbt7-nfz3pwgjjkv6

